

DESCANSA EN PAZ

Thea Hvistendahl, 2024

1316

ESTREA EN NUMAX: 21.06.2024 | V.O.S.E. | +16 | 97 min

Nun caloroso día de verán en Oslo, os mortos espertan misteriosamente e tres familias vense sumidas no caos cando os seus seres queridos falecidos volven a eles. Quen son e que queren?

«Emerxe como un filme único, de combustión lento, dominado polo drama e que evista os sustos fáciles»

Valerie Complex, DEADLINE



Entrevista con Thea Hvistendahl: «Canto máis natural e realista parece algo, máis desagradable resulta»

Cando te deches conta de que querías ser directora? De nena soñaba con dirixir anuncios de televisión, pero funo esquecendo co tempo. Ao rematar o instituto, decidín converterme en profesora e mudeime a Londres para estudar español e historia, pero non me gustou moito. Entón, de súpeto, tiven unha revelación e sentín co moita forza que necesitaba dirixir filmes. Comecei con vídeos musicais, fixen curtametraxes e traballei como axudante de dirección en filmes máis grandes ata que conseguín o financiamento necesario para facer *Descansa en paz*.

O filme está baseado nun libro de John Ajvide Lindqvist, que che fascina das súas historias? A forma na que mestura o realismo social co sobrenatural, inclinándose cara o realismo máxico. É un xénero que adoro porque a presenza de elementos paranormais non se chega a explicar. Sempre se centra nos personaxes, nas súas experiencias e na súa psicoloxía, usando os elementos máxicos como unha ferramenta para resaltar ou facer máis conmovedoras as calidades humanas. Tamén me encanta o misterio, o suspense e os aspectos desagradables do universo da súa ficción.

Cal era a túa relación cos zombis antes de facer este filme? Non era unha gran fan deles, honestamente. A verdade é que non me gustan moito os filmes de vampiros, zombis ou monstros en xeral. O que me fascinaba do libro é que non eran os clásicos zombis. Había algo diferente neles. Necesitaba despoxarme de todos os tropos humorísticos de zombis porque ás veces poden ser bastante divertidos e patéticos. Incluso cando son noxentos e malvados, dalgunha maneira tamén son parvos.

Podes explicar un pouco máis de como o enfocaches? Puidemos xogar coas expectativas da xente debido a que, a primeira vista, é un filme de zombis. O rapaz de efectos especiais mais eu vimos moitas fotos de xente morta en diferentes estados de descomposición, falamos con patólogos e incluso fomos a crematorios. Quería ter a maior información posible. Cando estabamos traballando o aspecto dos zombis, a miúdo dicíamos: “Non, iso é demasiado zombi. Baixemos o ton”. Canto máis natural e realista parece algo, máis desagradable resulta.

Chegou a hora dunhas preguntas rápidas sobre cinema. Lembras cal foi o primeiro filme que viches nunha sala? Chamábase *Body Troopers* (Vibeke Idsøe, 1996). É unha película infantil norueguesa que transcorre dentro do corpo dun ancián cun vestiario e un deseño de produción fantásticos (polo que lembro). Tamén hai un memorable encontro dentro da vesícula biliar.

Filme favorito de adolescente? *Mulholland Drive* (2001) de David Lynch. Foi o filme que me descubriu o mundo do cinema. Non entendía nada a primeira vez que o vin. Pero resultoume inmensamente intrigante, así que o vin seis veces máis seguidas para comezar a comprender de que se trataba. Paréceme moi atractiva esa sensación de misterio e intranquilidade que impregna todo o filme.

Un filme que te inspirou para traballar no cinema? Todo Pedro Almodóvar. Foi outra das miñas primeiras grandes influencias e abriume as portas ao cinema de autor. A súa construción do mundo e estética parécenme moi intrigantes, pero tamén os seus personaxes e xiros de guión. É un verdadeiro mestre.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Un lugar soleado para
gente sombría,*
Mariana Enríquez.
Anagrama, 2024

*Vivir con nuestros
muertos,*
Delphine Horvilleur.
Libros del Asteroide, 2022

Mulholland Drive.
La ética de lo siniestro,
Marcos Joaquín Ferrer
García e José Antonio
Palao Errando.
Shangrila, 2024